TEMA 1 LINGUA GALEGA .

DETERMINANTES

OS ARTIGOS.: Van diante dos nomes, indican o seu xénero (masc., fem.) e número.

DETERMINADOS: o, a, os, as.
INDETERMINADOS: un, unha, uns, unhas.

CONTRACCION DOS ARTIGOS DETERMINADOS

	O	**A**	**OS**	**AS**
A	ao	á	aos	ás
CON	co	coa	cos	coas
DE	do	da	dos	das
EN	no	na	nos	nas

CONTRACCIÓN DOS ARTIGOS INDETERMINADOS.

	UN	UNHA	UNS	UNHAS
CON	cun	cunha	cuns	cunhas
DE	dun	dunha	duns	dunhas
EN	nun	nunha	nuns	nunhas

POSESIVOS: Indican a quen pertence algo.

	UN POSUÍDOR				**VARIOS POSUÍDORES**			
	MASCULINO		**FEMININO**		**MASCULINO**		**FEMININO**	
	singular	**plural**	**singular**	**plural**	**singular**	**plural**	**singular**	**plural**
1º PERSOA	meu	meus	miña	miñas	noso	nosos	nosa	nosas
2º PERSOA	teu	teus	túa	túas	voso	vosos	vosa	vosas
3º PERSOA	seu	seus	súa	súas	seu	seus	súa	súas

DEMOSTRATIVOS: Sinalan a distancia á que se atopa o sustantivo (nome).

	MASCULINO		**FEMENINO**	
	SINGULAR	**PLURAL**	**SINGULAR**	**PLURAL**
AQUÍ	este	estes	esta	estas
AÍ	ese	eses	esa	esas
ALÍ	aquel	aqueles	aquela	aquelas

DETERMINANTES NUMERAIS

	CARDINAIS	ORDINAIS	PARTITIVOS	MULTIPLICATIVOS
1	un/unha	primeiro-a		
2	dous/dúas	segundo-a	medio-a	dobre (duplo, dupla)
3	tres	terceiro-a	terzo-a	triplo, tripla
4	catro	cuarto-a	cuarto-a	cuádruplo, cuádrupla
5	cinco	quinto-a	quinto-a	quíntuplo, quíntupla
6	seis	sexto-a	sexto-a	séxtuplo, séxtupla
7	sete	sétimo-a	sétimo-a	séptuplo, séptupla
8	oito	oitavo-a	oitavo-a	óctuplo, óctupla
9	nove	noveno-a	noveno-a nono-a	nónuplo, nónupla
10	dez	décimo-a	décimo-a	décuplo, décupla
11	once	undécimo-a	onceavo-a	
12	doce	duodécimo décimo segundo-a	doceavo-a	
13	trece	décimo terceiro-a	treceavo-a	
14	catorce	décimo cuarto-a	catorceavo-a	
15	quince	décimo quinto-a	quinceavo-a	
16	dezaseis	décimo sexto-a	dezaseisavo-a	
17	dezasete	décimo sétimo-a	dezaseteavo-a	
18	dezaoito	décimo oitavo-a	dezaoitoavo-a	
19	dezanove	décimo noveno-a	dezanoveavo-a	
20	vinte	vixésimo-a	vinteavo-a	

PRONOMES PERSOAIS.

	SINGULAR	PLURAL
1º PERSOA	eu, min	nós, nosoutros/nosoutras
2º PERSOA	ti	vós, vosoutros/vosoutras
3º PERSOA	el/ela, vostede, si	eles/elas, vostedes, si

OS VERBOS

1. CONXUGACIÓNS:

1º CONXUGACIÓN	AR - plantar
2º CONXUGACIÓN	ER - coller
3º CONXUGACIÓN	IR - partir